



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2025/3	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

27 de marzo de 2025

Pleno substitutivo do que tería que celebrarse o día 20/03/2025

Duración:

Dende as 11:03 ata as 12:07

Lugar:

Salón de Sesións

Presidida por:

JAVIER HUERTAS OTERO

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506





Concello de Lourenzá

34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	NON
77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	NON

Escusas de asistencia presentadas:

1. ROCIO LOPEZ GARCIA:
«BAIXA POR MATERNIDADE»
2. SONIA GAVINO REIGOSA:
«MOTIVOS LABORAIS»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA	
Aprobación da acta da sesión anterior	
O Señor Alcalde en funcións pregunta os concelleiros se teñen algunha obxección o borrador da acta da sesión anterior, a sesión ordinaria celebrada o día 16 de xaneiro de 2025 distribuido coa convocatoria. Sometido a votación obtivo os votos a favor dos cinco concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE, e tanto a concelleira do Grupo do BNG como os tres concelleiros do Grupo do PP abstivéronse, resultando aprobada.	
APROBACIÓN SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 4/2025, DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Don Javier Huertas manifesta que como consecuencia da execución da actuación "Mellora na nave Municipal do Recinto Ferial Ponte de Cuñas e Honorarios Técnicos", faise necesario proceder a dotar a aplicación de gasto que mais abaixo se relaciona mediante o correspondiente expediente de Tansferencias de crédito entre distintas áreas de gasto seguinte:





Concello de Lourenzá

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA DE GASTOS	DENOMINACIÓN	CRÉD.ACT CUANTÍA	INCREMENTO
431.632	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONS	110.000,00 euros	25.000,00 euros

TOTAL INCREMENTO: 25.000,00 Euros.

A financiación de estes incrementos faranse mediante transferencias de outras aplicacións que afectan a distintas áreas de gasto, que quedan diminuídas como a continuación se indica:

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA DE GASTOS	DENOMINACIÓN	CRÉD.ACT (segundo a contabilidade) CONTÍA	DIMINUCCIÓN
171.221	SUBMINISTROS	18.199,93 euros	9.000,00 euros
231.160	CUOTAS SOCIAIS	85.818,3 euros	8.000,00 euros
320.227	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS E PROFESIO	10.585,35 euros	8.000,00 euros

TOTAL DIMINUCCIÓN: 25.000,00 Euros.

O voceiro do PP indica que eles entenden que son pagos de outros anos e se modifican.

A Sra. Secretaria municipal intervén para explicar que non, que se trata dun convenio coa Deputación que da 110.000 euros e o Concello aporta 25.000 euros e que se trata da transferencia dende outras áreas de gasto, explicando que se trata dunha transferencia de crédito que ao ser de diferente área de gasto é competencia do Pleno.

Pregúntase por parte de da Sra Fanego que si esto non estaba previsto que se fixese o ano pasado e o Sr. Alcalde en funcións informa de que é unha subvención que se obtivo a través do remanente de Deputación onde se lles





Concello de Lourenzá

outorgan 110.000 euros para facer a cuberta das dúas naves que faltaban e o importe son 135.000 euros e que como non chega a aportación de Deputación para a obra, dende o Concello se precisa facer esta modificación para poder incorporar os 25.000 euros restantes.

Pregunta o Sr. Díaz de qué áreas de gasto saen, xa que non tivo tempo de revisar ben o expediente, e pregunta si salen de subministros, cuotas sociais e traballos realizados por outras empresas.

O Alcalde en funcións indica que sí.

A Sra. Fanego pregunta que cómo se poden sacar de cartos de partidas de subministros se o que se pretende é precisamente pagar uns subministros.

A Sra. Secretaria indica que o orzamento está prorrogado do ano anterior.

A Sra. Fanego afirma tamén o mesmo.

A Sra. Secretaria aclara foi unha decisión que se tomou.

A Sra. Fanego indica que noutro punto estanse pedindo máis subministros pero que aquí se diminúen os suministros para facer fronte a outro subministro.

A Sra. Secretaria explica que esta partida no exercicio 2024 quedou bastante holgada.

A Sra. Fanego pregunta si esta obra vai con cargo aos orzamentos do exercicio 2024,

A Sra. Secretaria indica que non, que irá con cargo aos orzamentos do exercicio 2025.

O Sr. Alcalde en funcións refire que os orzamentos se atopan actualmente prorrogados.

A Sra. Fanego indica que eso teno claro.

A Sra. Secretaria informa de que o que hai que facer é conter o gasto para poder asumir esta transferencia.

A Sra. Fanego pregunta que como se entende iso.

Sr. Díaz manifesta que, o que ocorre é que vai haber menos diñeiro disponible.

O Sr. Alcalde en funcións explica que se saca dun lado para poder poñer noutro.





Concello de Lourenzá

E indica o Sr. Arango que no momento en que fagan falta os cartos para as áreas de onde se sacan pois haberá que facer a mesma operación, pero a inversa.

Rematado o debate, sometese a votación cos seguintes resultados: 1 BNG a favor, 3 PP abstención, 5 PSOE a favor, e por maioría o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 4/2025, na modalidade de transferencias de crédito entre distintas áreas de gasto, de acordo o seguinte detalle:

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA DE GASTOS	DENOMINACIÓN	CRÉD.ACT CUANTÍA	INCREMENTO
431.632	EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCCIONS	110.000,00 euros	25.000,00 euros

TOTAL INCREMENTO: 25.000,00 Euros.

A financiación de estes incrementos faranse mediante transferencias de outras aplicacións que afectan a distintas áreas de gasto, que quedan diminuídas como a continuación se indica:

APLICACIÓN PRESUPUESTARIA DE GASTOS	DENOMINACIÓN	CRÉD.ACT (segundo a contabilidade) CONTÍA	DIMINUCIÓN
171.221	SUBMINISTROS	18.199,93 euros	9.000,00 euros
231.160	CUOTAS SOCIAIS	85.818,3 euros	8.000,00 euros
320.227	TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS E PROFESIO	10.585,35 euros	8.000,00 euros

TOTAL DIMINUCIÓN: 25.000,00 Euros.

SEGUNDO. Expoñer o público, por un prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no taboleiro de anuncios do Concello os efectos dea presentación de reclamacións polos interesados.





Concello de Lourenzá

TERCERO. Considerar elevado a definitivo o presente acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación en prazo.

APROBACIÓN SE PROCEDE, DA REVOCACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (REC. EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS)
--

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

PROPOSTA ALCALDÍA

Visto que por Acordo plenario de data 14 de xullo de 2023 se delegaron competencias do mesmo na Xunta de Goberno Local pero nalgúns casos a súa aplicación práctica ocasiona problemas.

En consecuencia co anterior, ó Pleno do Concello, propoño que se adopte o seguinte acordo o amparo do artigo 9.6 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réximen Xurídico do Sector Público e concordantes :

Primeiro. Revocar a seguinte competencia delegada na Xunta de Goberno Local por Acordo Plenario de data 14 de xullo de 2023 recollida no punto 3 apartado Primeiro. 4:

"4.-O recoñecemento extraxudicial de créditos sempre que non exista dotación presupostaria. "

Quedando o resto do Acordo Plenario de data 14 de xullo de 2023 de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local sen alterar e mantendo o seu contido orixinal.

Segundo. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no taboleiro de anuncios desta entidade.

E a miña proposta, non obstante a Corporación acordará o que estime pertinente.

Pregunta o Sr Alcalde en funcións se hai algún comentario ao respecto deste punto.

Indica a Sra. Fanego que quere que lles expliquen as razóns polas que se fai.





Concello de Lourenzá

A Sra. Secretaria municipal explica que as razóns se atopan reflexadas na documentación obrante no expediente.

Comenta a Sra Fanego que cando ela pediu que non se delegase todo o delegable do Pleno na Xunta de Goberno Local, explicouse que non porque era máis práctico así pero que agora resulta que non é tan práctico, e que lle choca a situación e que ela ten que estar conforme porque precisamente se trata de devolverlle funcións ao Pleno e que ella no seu momento xa amosara a súa disconformidade e que non sabía cal era o motivo de telo feito así naquel entón e o feito de ter agora que revocalo pois que habería que explicar a qué se debe ese cambio agora de opinión.

Votación:

A FAVOR 6: 5 PSOE E 1 BNG;

ABSTENCIÓN 3: 3 PP

Aprobado por maioría a Proposta da Alcaldía nos seus propios termos.

APROBACIÓN SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1/2025	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Proposta da Alcaldía

Elevase a aprobación do Pleno da Corporación, o expediente 78/2025 de recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2025 polo importe de 24.121,54 € con código relación 3, que corresponden a facturas ou gastos de exercicios anteriores o que se procede a súa imputación orzamentaria e o amparo do disposto no artigo 60.2 do Real Decreto 500/90, coa adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2025 polo importe de 24.121,54 €, correspondentes a facturas ou gastos orixinados nos exercicios anteriores e que se corresponden cos gastos con código relación 3 que constan no citado expediente da súa razón; coa autorización e asignación do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas das facturas que recolle o expediente da súa razón con cargo o Orzamento Prorrogado para o exercicio 2025.





Concello de Lourenzá

Segundo.-A adopción por parte da Corporación das medidas necesarias co obxecto de non causar prexuízo nin limitación algunha para a realización das atencións do exercicio corrente, polo consumo que cause a aplicación do gasto o exercicio orzamentario en curso.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Secretaria Intervención, para a súa oportuna contabilización e tramitación do pago das facturas recibidas, con cargo os créditos asignados no exercicio orzamentario en curso.

Sr. Alcalde en funcións explica que teñen toda a documentación no expediente.

A Sra. Fanego dice que volven ao de antes. O recoñecemento extraxudicial de crédito é unha excepción para subsanar situacións excepcionais como as que se recollen no voso informe, non é para realizar sistemáticamente gastos sin dotación orzamentaria suficiente, estádelo empregando como unha opción mais para, digamos, añadir ou imputar obrigacións ao orzamento prorrogado que non requiren maior xustificación. Estádelo convertindo coma nun colchon de seguridade que vos permite gastar sin ton nin son. Isto é o que básicamente dí o informe e o que indica é unha nula fiscalización e unha previsión nula na tramitación de gasto ao faltar un orzamento feito en prazo e con tempo e realmente planificado, que teña en conta as necesidades do Concello e polo tanto temos que aceptalo, para evitar males maiores aos provedores neste caso, que xa se indican no informe.

Reitera que hai que facer unha planificación mellor e que se hai mais gastos e non se poden facer pois hai que recortar gastos.

O Sr. Arango respóndelle que xa se están a recortar gastos e se lle parece que non se recortaron suficientes gastos.

A Sra Fanego manifesta que igual algúns dos gastos que se inclúen na relación de facturas non se debían de facer ou se facelos doutro xeito.

O Sr. Arango indica que esa é unha opinión persoal de cada un.

A Sra Fanego replica que sí, pero aquí o que se opina e que hai que gastar aínda que non haiba cartos.

Votación: a favor 10 (5 PSOE, 4 PP, 1 BNG)

Aprobado por unanimidade a Proposta da Alcaldía nos seus propios termos.





Concello de Lourenzá

MOCIÓN DO PP SOBRE O MOSTEIRO DE SAN SALVADOR	
Desfavorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O voceiro do PP pasa a ler a seguinte Moción:

O PARTIDO POPULAR DE LOURENZÁ solicita a tramitación urxente da seguinte MOCION ante o Pleno da Corporación Municipal de Lourenzá.

O Mosteiro de San Salvador, é sen dúbida un dos monumentos máis importantes e representativos deste municipio da Mariña lucense e tamén un referente do barroco galego. Ademáis, é unha das paradas fixas dos peregrinos que percorren o Camiño do Norte a Santiago de Compostela.

Por esta e outras moitas razóns foi declarado Conxunto Histórico-Artístico en 1974 (BOE/BOE nº 240, do 7 de outubro) e ten a consideración de Ben de Interese Cultural de Galicia, na categoría de Monumento.

Fundado no século X polo conde Osorio Gutiérrez, tamén coñecido como o "Conde Santo". Nos seus inicios foi un mosteiro familiar dúplice e posteriormente adheriuse á orde beneditina. Consta dunha bela igrexa barroca que se converteu en igrexa parroquial, con interesantes retablos o principal de Ventura Rodríguez, tallas de diferentes épocas e cunha magnífica portada de Fernando de Casas Novoa, considerada precedente da fachada do Obradoiro da Catedral de Santiago.

Tamén posúe a casa abacial e dependencias monásticas, con dous claustros, que actualmente están inhabitadas.

Dos primeiros séculos da historia deste cenobio consérvanse un arca do IX e unha lauda do XII. Nesta última centuria pásase dunha congregación familiar a depender da Orde Beneditina e, a principios do XVI, queda baixo a influencia de San Benito de Valladolid.

No XIX, coa desamortización, iniciase a decadencia, ata que entre 1910 e 1942 recóbrase a vida monástica coa chegada de monxes dependentes de Samos. Disgregada esta comunidade, e tras un tempo como Seminario Menor Diocesano, dependente do bispado de Mondoñedo, faise cargo do edificio o Concello.





Concello de Lourenzá

Na actualidade acolle algunhas dependencias municipais e desde os anos 60 do século XX a edificación alberga tamén un interesante Museo de Arte Sacra. O Museo ocupa a estancia da antiga biblioteca, da que se conservan algúns exemplares. Entre os seus fondos destacan pinturas en táboa sobre os milagres do Conde Santo, esculturas dos séculos XVII e XVIII e unha ampla colección de ourivaría.

Desafortunadamente hoxe algunhas das súas estancias presenten gran deterioro o que non soamente impide que sexa obxecto de visitas, senó que urxe a súa preservación de cara ao futuro, a pesar do seu importante valor xoia do patrimonio histórico, cultural e relixioso. A súa perda suporía a desaparición dun fragmento único e irrepetible da nosa historia e da nosa arquitectura.

Administracións como a Xunta de Galicia souberon ver este valor e promovido obras de restauración e conservación. De feito, recentemente culmina un investimento de máis de 360.000 € para rehabilitar a súa igrexa. Con todo, é preciso unha actuación máis ambiciosa que require da colaboración entre administracións e tería cabida entre as financiadas con cargo a fondos estatais.

De feito, a súa alcaldesa anunciou a sinatura dun convenio co Bispado de Mondoñedo-Ferrol para a cesión do inmovible e a execución dunha obra de rehabilitación que superaría os 2 millóns de euros con cargo ao Plan Nacional para o Turismo do Xacobeo 2021, que nunca chegou a executarse. E máis recentemente solicitáronse 3 millóns de euros dun proxecto de case 4,3 con cargo ao Programa do 2% cultural do Executivo estatal.

Por todo canto antecede, o **GRUPO PP DE LOURENZÁ** fai a proposta ante o Pleno do Concello de Lourenzá da seguinte

MOCIÓN

Que o goberno local do Concello de Lourenzá inste o Goberno de España a liderar e financiar, con cargo a fondos estatais, a obra de rehabilitación integral do Mosteiro de San Salvador de Vilanova de Lourenzá (Lugo) para o que elaborará e executará un proxecto de intervención, só ou en concorrencia con outras administracións, co remate de preservar, protexer e poñer en valor esta xoia patrimonial, arquitectónica e relixiosa declarada Conxunto Histórico-Artístico.

CUSTE ECONÓMICO





Concello de Lourenzá

Non é posible realizar dita estimación por non ter os datos ou ferramentas precisos polo que será o Ministerio correspondente o que teña que establecelo e, en todo caso, consonte a dispoñibilidade orzamentaria que teña o Goberno. A Sra Fanego: Non ten nada que dicir.

O Sr Arango: Gustaríalle saber si, dado que esta é a mesma moción que se presentou no Senado, si tanto o Sr Balseiro coma vostedes se puxeron en contacto co Bispado antes de presentar a moción.

A Sra Gallo: O Bispado tamén a presentou.

Sr Arango: Aclara que o que pregunta é si se falou ou non antes co Bispado previa a presentación da moción.

Sra. Gallo: Non

Sr. Arango: Si é así, entón pouco lles queda por dicir, xa que tratar de restaurar un edificio antes de falar cos propietarios é como si un ven aquí e nos poñemos a amañar casas sen consultar coa xente.

Sra. Gallo: Nós damos por sentado que se falou con eles xa que esa petición do 2% cultural se instou xa desde este concello en colaboración co Bispado.

Sr. Arango: Hai unhas formas de facer as cousas.

Sra. Gallo: Precisamente todo ven por iso, porque esa axuda do 2% cultural foi rechazada, non foi adxudicada a este mosteiro, entón non creo que sexa preciso falar co Bispado si sendo titular dese inmovible, do que se trata é solicitar esa axuda do 2% cultural que lle foi negada, e no que estabades de acordo os que gobernabades este concello e creo que todos, en que se recibira esa axuda do 2 %, e o que se quere é que dende este goberno local se inste ao Goberno do Estado a que faga un proxecto de actuación urxente no mosteiro, ben soamente o Goberno de España, ou en consonancia con outras Administracións, a iso é ao que se refiere a moción.

Sr. Arango: Respecto da moción, temos algunhas cousas que engadir e que xa contestaron eles nunha nota de prensa, pero que sobre da moción hai cousas coas que non estamos de acordo, como cando dicides que a Xunta investiu na restauración do mosteiro e non é verdade.





Concello de Lourenzá

Invertiu na restauración da Igrexa e gastou diñeiro público a Xunta nun edificio que é única e exclusivamente de titularidade privada. E tamén din entrecomillado que precisa dunha restauración máis ambiciosa que require colaboración entre Administracións e que tería cabida entre as financiadas con cargo a fondos estatais, é dicir, por un lado dicimos que coa colaboración de todos pero que pague o Estado.

O mesmo din tamén na moción final, é dicir, no que se pide que o Goberno de España ten que liderar e financiar a rehabilitación integral do mosteiro, e o Goberno de España só ou con outras Administracións ten que elaborar o proxecto, é dicir, paga tí que invito eu.

Non sei si saben ou deberían sabelo, que o proxecto non fai falla redactalo, que xa está redactado e pagado. Unha parte de 2.170 euros que puxo o Concello de Lourenza, e algo máis de 10.000 euros que puxo o Bispado de Mondoñedo, co cal non hai que pedirlle nada á Xunta ou as outras administracións, porque xa está feito. É o que queda claro presentando esta moción é que o que menos interesa é a restauración do mosteiro senon crear polémica con este caso cando deberíamos ir todos da man e arrimar o hombro para que se chegara a un acordo.

Botaron vostedes moitos anos gobernando neste concello, e nunca se fixo nada pola restauración deste mosteiro ata que chegamos nós, que se empezaron a dar os primeiros pasos. Cando chegamos nós, tivemos que pechar o mosteiro para actos públicos porque estaba cun grave risco de derrumbes e polo tanto non se fixo absolutamente nada e agora chócame que se fagan vostedes os abandeirados de buscar unha solución a este mosteiro.

Nós imos botar evidentemente que non a esta moción e nós sí imos traballar da man do Bispado de Mondoñedo, porque o Bispado é o titular deste mosteiro, e imos buscar as solucións para que ese inmovble seña obxecto dunha cesión por uns anos mínimos, que é o que se plantexaba no documento que firmamos, que era para cesión de 50 anos.

Polo tanto presentar unha moción sin falar co bispado, e sendo que nós aínda non sabemos si se ten a intención de o volver a solicitar, pero que vós non o





Concello de Lourenzá

sabedes porque non falastes co Bispado de Mondoñedo, de si queren volver a presentarse ao 2% ou buscar outras formas de financiación, parece-me absurdo.

Sra Gallo: Vostede di que nós nos puxemos como abandeirados do mosteiro e que nunca fixemos nada. Voulle contar a historia deste mosteiro. Dende que empezou a gobernar Lopez Noceda, deste edificio é propiedade do concello, e se fixo unha obra de envergadura xa que o Concello antes se encontraba está onde o centro de saúde.

Sr Arango: O Sr. Lopez Noceda non era alcalde do PP.

Sra Gallo: Non, que o era por Alianza Popular.

Sr Arango: Tampouco, que era una candidatura independente.

Sra Gallo: Cremos que gobernou en democracia tamén.

Sr Arango: Sí, pero non como PP ou Alianza Popular.

Sra Gallo: Despois gobernaron Fé Rocha e Vidal e fixeronse durante moitos anos obras de emerxencia en tellados de parte do mosteiro.

A parte do tellado de atrás da igrexa, onde está o parque infantil, tamén se arranxou porque o pagou a Xunta e tamén fixo abonos o Concello

O Centro de Interpretacion da Faba foi asumido polo concello do PP cando gobernaba Vidal. O Museo Diocesano e a Bibilioteca foi una obra de bastante envergadura que se fixo cando gobernaba Fe Rocha e na que aportaron cartos a Deputacion de Lugo gobernada polo PP e a Xunta.

A restauracion dos cadros, non de todos, porque quedan algúns cadros sen restaurar e sería interesante que se fixera a restauración, porque hai dous que son cadros moi importantes sin restaurar, se levaron a Escola de Pintura de Pontevedra e se gastaron moitismos cartos nalgúns dos cadros mais importantes que temos, se fixeron no goberno do PP.

Tamén se fixo a obra de restauración onde estivo a Fundación de San Salvador, que eran unhas instalacións que, non sei si coñecistes, que estaban moi ben e que por mala sorte caeu o tellado, non sei se cando gobernaba o PP ou o PSOE, pero foi unha mágoa que non se restaurara e se mirará por él, porque eran unhas instalacions que estaban ben feitas.





Concello de Lourenzá

Entón quero dicir que, non se pode dicir que durante o goberno do PP non se fixera nada porque non é verdade, porque os gastos están no arquivo deste Concello, hai gastos e non os nomeei todos, pero hai moitas máis obras e gastos que foron acordadas en Pleno co voto en contra do PSOE e do BNG e sempre a favor do PP.

Sr Arango: Evidentemente porque foron cartos investidos en edificios de titularidade privada.

Sra Gallo: Sí, pero eses son edificios de titularidade privada, pero que agora eses gastos do 2%, sí se fan en consonancia co Bispado.

Sr Arango: Coa condición dunha cesión a 50 anos. Qué cesions fixo anteriormente o Bispado ao concello?

Sra Gallo: O Torreón, que foron 25 anos.

Sr Arango: Que non está cedido agora.

Sra Gallo: O Torreón tivo durante 70 anos o tellado caído, e eu que nacin aquí o recordo sin tellado, e sendo Vidal o Alcalde, se reparou e arranxou toda esa parte do Torreón onde se encontran agora os Servizos Sociais.

Eu creo que necesita de mantemento e que non o esta a ter. Ten un problema gordo e se tivo 25 anos que eu saiba, de concesión por parte do Bispado.

Sr. Huertas e Sr. Arango: Agora está caducado.

Sra Gallo: A Sra Alcaldesa díxome que se renovaba anualmente.

Sr Arango: Non, está caducada.

Sra Gallo: Iso son obras de moita envergadura e toda a xente que gobernou aquí do PP mirou polo mosteiro e aquí houbo un proxecto.

Sr Arango: Sempre sen contrapartidas.

Sra Gallo: E falando dun proxecto moi importante que está en Santiago, que non teño o borrador, pero que podería buscalo, para aquí. Era para o mosteiro ser o centro da Egap, pero que non foi e non saiu adiante por tema de infraestructuras, porque non tiñamos a autovía daquela, nin tampouco suficientes vivendas para os funcionarios todos.





Concello de Lourenzá

Era un edificio singular e para a Xunta cumpría os requisitos, buscaban un monumento, un monasterio, algo parecido ao que temos aquí.

Durante anos, se fixeron xornadas con diferentes organismos e tamén xestións para conseguir ter un centro de artesanía aquí e non gañou porque igual o gañou outro Concello pero se intentou.

Sr Arango: Agora falades de cousas que se intentaron pero no se conseguiron nin o Plan turístico nin o 2% Cultural.

Este último non se conseguiu porque non estaba demostrada a titularidade con toda a documentación, cousa que se está intentando solucionar.

Sra. Gallo: O da titularidade se lle deu carta branca ao Bispado e se fixo a inmatriculación.

Sr Arango: Faltaban papeles no catastro por así decilo.

Sra Gallo: Hai unha resolución que de verdade diga que faltaban papeles? Iso non é a información que lles trasladan desde o Bispado.

Sr Arango: Non hai todavía notificación pero cóstanos que é así.

Sra Gallo: A información que nos traslada o Bispo que toda esa documentación estaba correcta.

Sr. Arango: Aínda non teñen a notificación pero que pode preguntarlle ao Sr Balseiro que él o sabe, que faltaba un papel de titularidade.

Sra Gallo: Quen quería arranxar era o Bispado de Mondoñedo e que nese sí había problemas de documentación e que entón decidiron tirar polo de Lourenzá. Podemos traer aquí o Bispo, que non creo que nos vaia mentir, que nos dixo que tiñan a documentación e que por iso inmatricularon os bienes.

Sr Arango: Unha cousa é inmatricular e outra demostrar a titularidade con todos os papeles.

Sra Gallo: Pero si fixeron a inmatriculación...

Sr. Arango: Son cousas diferentes, o que fai falta é a documentación da titularidade.





Concello de Lourenzá

Sra Gallo: De feito se inmatriculou un ben municipal e que o bispo recoñece que a fonte e o busto de Fernandez del Riego, que eses son municipais, e hai que revertilo, que son bens públicos.

Sr. Arango: Non é así, iso non foi o que dixo. Eles non teñen inconveniente en facer a cesión.

Sra Gallo: Iso é de titularidade municipal e que si é preciso para chegar ao 2% facer a division das 4 partes que se lograron coa inmatriculacion parecenos ben pero perder propiedades municipais que non lle parece ben.

Sr. Arango: Iso non se vai a perder.

Sra. Gallo: Sí, que se vai a perder se non facemos un expediente de dominio e entonces é vital.

Si lles falo dos anos 60 que xa no entrariamos aquí ningún de nós, había un sacerdote que era D. César Chavarria Pacio que intentou, para min unha das cousas máis importantes que houbo nesta época, que foi que o mosteiro, que nese momento non estaba tan deteriorado, porque acababan de marchar os seminaristas de Mondoñedo e estaba bastante ben, o peor foi que arrancaron os baños e deixaron todo feito un cristo, e quería facer unha escola para fillos de emigrantes e quen lles botou unha man, quen intentou esa axuda con él?, pois foi a irmá de Fernández del Riego, esa foi precisamente a persoa coa que tivo contacto D. César para facer esa escola para fillos de emigrantes.

Sr. Arango: A qué ven iso?

Sra Gallo: Sempre se tentou, incluso dende a parte da igrexa, que un párroco que forma parte dun Bispado, pero que estaba interesado en facer obras importantes para este mosteiro.

Sr. Arango: Todo iso é perfecto e parece querer indicar que foi chegar o PSOE ao goberno e o mosteiro veunos e decidiu caerse. Foi curioso ver que cando chegaron ao goberno municipal, como se atopaba a planta superior, horroroso. Estaba caendo, tanto que se se tarda un ano máis en facer esa obra da cuberta, cae.

Sra Gallo: Toda esa obra foi por insistencia de Patrimonio Laurentino.





Concello de Lourenzá

Sr Arango: Esas obras anteriores foron todas moi ben feitas. O Mosteiro ten moitos séculos de antigüedade e en 10-15 anos estaban caendo, polo que esas obras non estaban ben feitas.

Sra Gallo: A obra da cuberta, que pode valer ou non valer, pero que algunha a fixo Patrimonio Laurentino diso non cabe duda.

Sr. Arango: Iso foi porque estaban eles pendentes e que ben que criticaron esas obras e esa cuberta.

Sra Gallo: Ese ben é un BIC e estando no seu estado ruinoso tamén se poden defender actuacións de urxencia, por seguridade.

Sr. Arango: Quén foi o que fixo a declaración de BIC?

Sra Gallo: O Estado.

Sr. Arango: Non foi a Xunta?

Sra Gallo: Non, os BIC os declara o Estado.

Sr Arango: O dos bens culturais depende da Xunta de Galicia.

Sra Gallo: Entón non é do Estado. Non se trata de gastar por gastar, se trata de invertir, de apoiar unha rehabilitación na que están dende o PP local dispostos a axudar nas peticións das mesmas e sempre para garantir en tres palabras o que este Mosteiro precisa: seguridade, emerxencia e estética.

Temos un silverio no medio do pobo e xa sei que é propiedade, un ben privativo e que ben sea ter concesions ou ben ter un uso ou un proxecto.

Sr Arango: O proxecto xa está feito e pagado.

Sra Gallo: O proxecto foi rechazado.

Sr Arango: Non, o proxecto non foi rechazado, faltaba outro apartado diferente ao do proxecto.

Sra Gallo: Cando se lles notificou iso?

Sr Arango: O Bispado aínda non ten a notificación e eles sábeno ao igual que o Sr. Balseiro, que sí ten constancia do motivo.

Sra Gallo: O Sr. Bispo díxolles que non tiñan a opción viable do 2%.





Concello de Lourenzá

Sr. Arango: Evidentemente, a de ese ano non pode ser, porque xa saiu na prensa e o que non teñen comunicación é de porqué, pero que non é por ser un proxecto malo.

Sra Gallo: Foi rechazada.

Sr Arango: Non, o que foi rechazado foi a solicitude de rehabilitación e non o proxecto. Que está ben xa que senon viría que non estaba ben redactado e explicando as causas do incumplimento.

Sra Gallo: Non hai comunicación ao respecto para traelo a Pleno?

Sr Arango: A comunicación tenlle que chegar ao Bispado.

Sra Gallo: Non se lle vai a dar copia ao Concello por ser parte?

Sr Arango: Esperamos que sí.

Sra Gallo: Ao noso grupo lles interesaría poder ter unha copia desa notificación nun Pleno.

Sr Arango: Aquí estamos todos para o mesmo, para arrimar o hombro e non poñer pedras no camiño.

Sra Gallo: Está de acordo, pero que non vai a consentir que se diga que o PP non fixo nada cando nos arquivos consta.

Sr Arango: As notas de prensa contínuas acerca do Mosteiro...

Sra Gómez: Realmente as únicas intervencións que se fixeron no Mosteiro ata agora, e senon demostrádeo con datos na mesa e con documentación, para ver qué se fixo tanto dende o goberno local, como dende Deputación, Xunta ou Goberno do Estado, e comparamos entón as inversións que fixo cada un deles.

Sr Arango: Repito, estou en contra e volvería votar en contra, tal e como fixo no seu momento o grupo do PSOE, de investir cartos nun edificio privado.

Sra Gallo: Si vós credes que é mellor ter esta ruina e que vaia caendo, cun deterioro abismal no medio desta vila. Si creen que non sería mellor sacar adiante e tentar aínda que seña un ben privativo ...





Concello de Lourenzá

Sr Arango: Onte ou antonte saliu na prensa que o bispado de Mondoñedo-Ferrol recibira máis de 2 millóns de euros dos impostos do Estado, do que pagamos todos e que a Igrexa non fai nada.

Sra Gallo e Sr Díaz: Si eles non fan nada, é mellor non facer nada e deixar todo caído ou sacar de ahí algo aproveitable para os veciños?.

Sr Arango: O que haberá é que notificarlles para que tomen medidas e o reparen.

Sr Díaz: O Goberno local sodes os principais interesados.

Sr Arango: Non, iso é un BIC.

Acto seguido procédese á votación co seguinte resultado:

PSOE 5, BNG 1 NON

PP 3 SI

Non se aproba a moción

MOCIÓN DO PP SOBRE CARRETERA SAN XUSTO	
Desfavorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

O voceiro do PP pasa a ler a seguinte Moción:

**MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE LOURENZÁ
PARA DEMANDAR O ARRANXO URGENTE DA ESTRADA MUNICIPAL QUE
UNE LOURENZÁ CON SAN XUSTO**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada municipal que une Lourenzá coa parroquia de San Xusto, en Barreiros, atópanse nun estado desolador debido ao seu deterioro evidente, o que supón un risco significativo para a seguridade dos usuarios.

Alguns dos problemas detectados son:

- Numerosas fochancas ao longo das vías dificultan a circulación e aumentan o risco de accidentes.





Concello de Lourenzá

- Acumulación de residuos e vexetación nas beirarruas que están sen limpar na estrada municipal e que compromete a accesibilidade e a seguridade peonil, impedindo un tránsito seguro para os veciños e veciñas.
- Falta de mantemento das árbores de forma que a ausencia de podas adecuadas nas árbores situadas a ambas marxes das estradas obstrúe a visibilidade e representa un perigo adicional para os conductores.

Estas deficiencias afectan non só aos veciños de Lourenzá, senón tamén aos residentes do concello limítrofe de Barreiros, que empregan esta vía para desprazarse a Lourenzá por motivos laborais ou para acceder aos servizos comerciais e de restauración en Vilanova.

Ante a nosa preocupación pola súa situación actual, solicitamos por segunda vez a atención do Pleno do Concello para abordar o arranxo desta vía e agardamos que esta proposta sexa considerada con seriedade e que se tomen as accións necesarias para a súa mellora.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá presenta esta moción coa seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno da Corporación insta ao equipo de goberno municipal a tomar de xeito inmediato as medidas necesarias para:

- 1.- Realizar unha avaliación exhaustiva do estado da estrada municipal que une Lourenzá con San Xusto (Barreiros), planificar e executar un programa de arranxo desta vía mediante aglomerado en quente que inclúa a limpeza de cunetas e beirarrúas.
- 2.- Planificar e executar o mantemento das árbores na beira desta e no resto das vías de competencia municipal para garantir a seguridade viaria e contribuir ao desenvolvemento económico e social do municipio.

Sr. Fanego: A moción en sí non me parece mal, tratar de mellorar o estado das vías é algo fundamental para todos. Sí que me chama a atención ver que piden o aglomerado en quente cando aquí a Xunta de Galicia moito do que está arranxando agora é con riego asfáltico. Paréceme moito máis interesante o aglomerado en quente, entón ao mellor hai que pedirlle ao goberno que cando





Concello de Lourenzá

pida os arranxos que os faga de acordo ao plan de arranxos da Xunta e que pida aglomerado en quente e non o riego asfáltico.

Sr. Huertas: O riego asfáltico faise principalmente por un motivo, económico nada máis.

Ben, esta sí que a tomamos en serio pois hai dous anos que fixemos varios arranxos pero que a verdade que non tiveron moito éxito porque os arranxos polo paso de camions e polas augas que houbo se desfizeron bastante rápido.

Como unha parte da estrada que pertence a Barreiros pois evidentemente o Concello en sí non temos partida económica para poder facelo entón temos un proxecto feito con Barreiros en común, onde xa temos o proxecto e a valoración e agora o que se vai a facer é instar ás diferentes administracións para poder firmar un convenio ou conseguir unha subvención coa finalidade de poder facer o arranxo entre os dous Concellos. De forma individual cada Concello sería inviable e o proxecto contempla a mellora do pavimento actual con riego asfáltico moi deteriorado e as actuacións previstas serían unha mezcla de aglomerado en quente AC16 e de 5 cm de espesor e o proxecto en sí costa 285.835,28 euros.

Sra Fanego: Iso sería o total dos dous Concellos?

Sr. Huertas: Sí, iso sería o total dos dous Concellos, o total do proxecto. Non sei exactamente canto sería para cada Concello porque non sei agora cantos metros corresponden a cada un, pero estase tentando coas distintas Administracións que nos dean subvencións ou convenios para logralo o antes posible.

En caso de non ser posible acadar esa subvención ou convenio como queremos entón o que se vai a facer é tapar eses baches para poder parchear temporalmente.

Sra. López: Se estamos parcheando continuamente entón non resolvemos o problema.

Sr. Huertas: Sí, pero evidentemente senón se consegue ese convenio ou subvención, nós non damos amañado pola nosa conta, non hai suficiente presuposto.

Votación:

En contra: PSOE 5,





Concello de Lourenzá

A favor: 3 PP, 1 BNG

Non se aproba a moción

ASUNTOS DECLARADOS URGENTES	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Resolución:

Don Javier Huertas manifesta que se trata de dar conta da delegación de competencias da Alcaldía no 1º Tenente de Alcalde polo periodo de duración da baixa por maternidade.

Vótase a urxencia e apróbase por unanimidade.

“ Substitución de Alcaldía por baixa de maternidade

Visto que corresponde aos Tenentes de Alcalde, en canto tales, substituír na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Visto que a partir do día de inicio da baixa de maternidade e ata a miña reincorporación non vou poder desempeñar as miñas funcións como alcaldesa.

Por todo iso, en virtude do disposto nos artigos 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de acordó cos artigos 44 e 47 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF),

RESOLVO

PRIMEIRO. Delegar en Javier Huertas Otero, como Primeiro Tenente de alcalde a totalidade das funcións da Alcaldía a partir do día de inicio da baixa por maternidade e ata a miña reincorporación á alcaldía.

SEGUNDO. A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

TERCEIRO. O órgano delegado debe informar a esta Alcaldía, a posteriori, e, en todo caso, cando se lle requira para iso, da xestión realizada e das disposicións





Concello de Lourenzá

ditadas no período de referencia, e con carácter previo daquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé na o artigo 115 do ROF.

CUARTO. A delegación conferida no presente Decreto requirirá para a súa eficacia a aceptación do órgano delegado, entendéndose esta outorgada tácitamente se non se formula ante esta Alcaldía expresa manifestación de non aceptación da delegación no termo de tres días hábiles contados desde o seguinte a aquel en que lle sexa notificada esta resolución.

QUINTO. Esta delegación publicarase no BOP, e farase pública a través do taboleiro de anuncios do concello, tanto o físico como o da sede electrónica municipal, e darase conta do seu contido ao Pleno da Corporación na primeira sesión que esta celebre.

SEXTO. No non previsto expresamente nesta resolución aplicaranse directamente as previsións da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en canto ás regras que para a delegación se establecen en devanditas normas.

Así o manda e asina a a Sra. Alcaldesa de Lourenzá, D^a Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ao Libro de Resolucións, aos efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 RD 128/2018, de 16 de marzo)."

Os Señores Concelleiros danse por enterados

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DENDE O 1/1/2025 ATA O 28/2/2025

Os Señores Concelleiros explican que hai un erro na carga das resolucións e se cargaron por error as do ano 2023.

Acórdase por todos os grupos políticos subir á plataforma de Gestiona e ao expediente do Pleno, tras a finalización do Pleno de hoxe, o libro de resolucións de Alcaldía que non se subiron por erro o día da convocatoria.

DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2024

“ RESOLUCIÓN DA ALCALDIA





Concello de Lourenzá

Visto o expediente de Liquidación do Orzamento deste Concello correspondente ó exercizo do 2024, tendo en conta os informes emitidos pola Secretaría - Intervención, e en cumprimento do disposto no artigo 191 Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 90 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do Título VI da Lei citada, en materia orzamentaria.

Vista a urxencia na aprobación da liquidación do orzamento para o seu envío os órganos correspondentes e o disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia que foi conferida por esta Alcaldía á Xunta de Goberno Local en virtude da Resolución da Alcaldía de delegación de data 19/07/2023 e aprobar, a LIQUIDACIÓN do Orzamento Municipal deste Concello correspondente ó exercizo de 2024, de acordo co seguinte resume de resultados:

RESULTADO ORZAMENTARIO:

RESULTADO ORZAMENTARIO	EUROS
DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	2.512.783,11
OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	2.509.883,21
TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO	2.899,90
(+) GASTOS FINANCIADOS RLTGX:	41.744,56
(-) DESV. POSITIVAS FINANZAMENTO	60.900,01
(+) DESV. NEGATIVAS FINANZAMENTO	34.294,77
TOTAL RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO:	18.039,22

REMANENTE DE TESOURERÍA:

A. (+) Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2024	EUROS
Dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente.	334.455,86
Dereitos pendentes de cobro de orzamentos pechados.	388.660,83
Dereitos pendentes de cobro correspondentes a contas de debedores que non sexan orzamentarios.	156,22
DEREITOS PENDENTES DE COBRO:	723.727,91
B. (-) Obrigas pendentes de pago a 31/12/2024	EUROS
Obrigas pendentes de pago do orzamento corrente.	23.398,10





Concello de Lourenzá

Obrigas pendentes de pago de orzamentos pechados.	0,00
Obrigas pendentes de pago correspondentes a contas de acredores que non sexan orzamentarios.	89.326,98
OBRIGAS PENDENTES DE PAGO	112.725,08
C. (+) Fondos líquidos a 31/12/2024	969.219,76
- Saldos dispoñibles en caixas de efectivo e contas. bancarias.	0,00
- Investimentos temporais en que se materializaron os excedentes temporais de tesouraría que non teñan carácter orzamentario.	0,00
FONDOS LÍQUIDOS	969.219,76
D. (-) Partidas pendentes de aplicación definitiva a 31/12/2023	
(-) Cobros realizados Pendentes de Aplicación Definitiva.	128.725,14
(+) Pagos realizados Pendentes de Aplicación Definitiva.	0,00
PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN:	-128.725,14
TOTAL REMANENTE DE TESOURERÍA	1.451.042,45
DEREITOS PENDENTES DE COBRO DE DIFÍCIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN:	262.199,10
EXCESO DE FINANCIAMENTO AFECTADO:	210.960,75
TOTAL RT GASTOS XERAIS:	977.882,25
SALDO OBRIGAS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO:	28.714,98
SALDO OBRIGAS POR DEVOLUCIÓN DE INGRESOS PENDENTES:	467,79
REMANENTE DE TESOURARÍA PARA GASTOS XERAIS AXUSTADO:	948.699,83

SEGUNDO.- Dar coñecemento a Xunta de Goberno Local do Concello de Lourenzá para a súa ratificación.

TERCEIRO.- Achegar copias da presente liquidación á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

